



OS XARDÍNS VERTICAIS CHEGAN A MADRID

As técnicas do 'mix' chegan mesmo ás forzas vivas da natureza. Veláí teñen a Patrick Blanc, deseñador, que onte presentou en Madrid unha das súas últimas creacións para o ornamento de fachadas. Trátase dun xardín vertical realizado sen terra

ningunha, esténdese por unha superficie de 460 metros cadrados e contén 250 clases de plantas. Instalado nunha parede do Caixa Forum, é a quinta entrega de Blanc, despois de facelo en Nova York, París, Osaka e Nova Delhi ● FOTO: J.J. GUELLÉN